

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións e axudas**

*CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. ANO 2018*

A Xunta de Goberno desta Deputación, na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo de aprobación:

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS  
DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO  
PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA  
CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2018**

A igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero constitúense como unhas das principais liñas estratéxicas de actuación da Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Igualdade.

A institución provincial, no marco das súas competencias, considera necesario darlles apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

En virtude do artigo 9.2 da Constitución española, no que se recolle que os poderes públicos teñen a obriga de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, e de conformidade coa Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade de xénero para todo o Estado español; a Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, na que se recolle que os poderes públicos, no marco das súas competencias, incorporarán medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia machista; o Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; e a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a Deputación convoca esta liña de subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva.

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS); na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).



**B A S E S****Primeira. Obxecto**

A regulación das subvencións obxecto de concesión por parte da Deputación ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan proxectos, programas e actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia machista na provincia de Pontevedra durante o ano 2018.

**Segunda. Entidades beneficiarias**

Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan as actuacións reguladas nesta convocatoria e que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, regulado polo Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia
- Carecer de fins de lucro
- Ter a súa razón social ou unha delegación na provincia de Pontevedra
- Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas e non incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei
- Estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, a Facenda galega, a Seguridade Social e a Deputación

**Terceira. Actuacións subvencionables**

As accións deberán realizarse durante o ano 2018 e ter finalizado o 31 de decembro dese ano.

Poderán presentarse para o seu financiamento, con carácter xeral, os seguintes proxectos, programas e actividades:

- Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero
- Proxectos de atención integral a vítimas de violencia machista, fillas, fillos e persoas dependentes ao seu cargo
- Programas e actuacións destinadas a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades
- Proxectos e actividades que favorezan e fomenten a igualdade entre mulleres e homes
- Proxectos encamiñados a mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres



- Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral
- Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade

#### **Cuarta. Gastos non subvencionables**

Quedan excluídas desta convocatoria, e polo tanto non serán obxecto da subvención, as seguintes actuacións:

- Proxectos, programas ou actividades subvencionados, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial
- Gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro)
- Gastos relativos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas e a servizos de restauración e catering que non se correspondan co obxectivo do programa
- Gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga
- Gastos relativos á adquisición de equipamento ou material inventariable (equipos informáticos, mobiliario e outros)

#### **Quinta. Financiamento**

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 18/250.2315.480.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2018, ascende a cen mil (100.000,00) euros, que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria mentres non se amplíe o crédito da aplicación.

A subvención concedida a cada entidade non poderá superar a contía de seis mil (6.000,00) euros.

A determinación da contía de cada subvención acordarase na Xunta de Goberno tras a proposta previa da comisión de valoración, de acordo cos criterios establecidos na base novena.

#### **Sexta. Compatibilidade das subvencións**

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración, ente público ou privado, pero en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións que sexan subvencionadas de acordo co establecido nesta convocatoria non poderán financiarse mediante outras subvencións outorgadas polo réxime de concesión directa ou concedidas por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio 2018.



Martes, 6 de marzo de 2018

Núm. 46

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de carácter nominativo do centro xestor 250 (Servizo de Igualdade).

### Sétima. Solicitudes e documentación

Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria. Esta formalizarase nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral da Deputación, no Servizo de Igualdade ou en [www.depo.es](http://www.depo.es).

Ademais da solicitude (anexo I) deberá achegar a seguinte documentación:

- Fotocopia actualizada da tarxeta de identificación fiscal da entidade (coa sinatura dixital)
- Fotocopia cotexada do DNI da persoa representante legal da entidade
- Certificación orixinal ou copia cotexada dos datos bancarios a nome da entidade peticionaria
- Proxecto e orzamento detallado das actividades para as que se solicita a subvención asinados pola persoa representante (modelo 250.007)
- Acreditación do cargo da persoa representante legal da entidade (modelo 250.002)
- Modelo de declaración responsable debidamente cuberto (modelo 100.024)
- Certificado de inscrición no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia

En caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos nestas bases ou no artigo 68.1 da LPACAP, requiriráselle á entidade beneficiaria que nun prazo máximo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, sinalando que, se non o fixer, se considerará desistida da súa petición.

### Oitava. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e posteriormente a convocatoria remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que dea traslado ao BOPPO do extracto desta, sen prexuízo da súa inserción en [www.depo.es](http://www.depo.es) e no taboleiro de anuncios.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 30 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

As solicitudes presentadas fóra do prazo establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza a Deputación para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.



Martes, 6 de marzo de 2018

Núm. 46

As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral ou en calquera das oficinas de rexistro da institución provincial. Pódense consultar as distintas oficinas existentes e os horarios en <http://www.depo.es/servizos-a-cidadania/centros/registro>.

Tamén poderán entregarse no Rexistro electrónico da Deputación ([sede.depo.es](http://sede.depo.es)), de conformidade co establecido no artigo 16 da LPACAP.

En caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro da Deputación), o envío deberá ser certificado co selo de Correos no formulario de solicitude para garantir que a data de remisión está dentro do prazo de presentación de solicitudes da orde da convocatoria.

As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas para todos os efectos no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro da Deputación, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

### **Novena. Valoración e criterios de concesión**

A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrencia competitiva. Cada proxecto poderá ser valorado cun máximo de 100 puntos, consonte aos seguintes criterios e ás valoracións correspondentes:

1.—Calidade e contido técnico do proxecto, ata un máximo de 40 puntos

a) Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 15 puntos

b) Metodoloxía proposta para a realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos

c) Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 5 puntos

d) Calidade global da proposta e viabilidade do proxecto, ata un máximo de 5 puntos

e) Utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista, 5 puntos

2.—Incidencia social do proxecto, programa ou actividades, ata un máximo de 30 puntos

a) Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 5 puntos

- Menos de 25 persoas: 1 punto
- Entre 25 e 50 persoas: 3 puntos
- Máis de 50 persoas: 5 puntos

b) Repercusión sobre o territorio da provincia, ata un máximo de 10 puntos

- Ámbito local: 3 puntos
- Ámbito comarcal ou supramunicipal: 6 puntos
- Ámbito provincial: 10 puntos

c) Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade ata un máximo de 10 puntos



Martes, 6 de marzo de 2018

Núm. 46

d) Temporalización das actividades que se realizarán, ata un máximo de 5 puntos

- Menos de 3 meses: 1 punto
- De 3 a 6 meses: 3 puntos
- Máis de 6 meses: 5 puntos

3.—Recursos e capacidade de xestión da entidade, ata un máximo de 30 puntos

a) Esfuerzo económico da entidade solicitante no autofinanciamento do proxecto, ata un máximo de 10 puntos

- Ata un 10 %: 1 punto
- Se é maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos
- Se é maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos
- Se é maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos
- Se é maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos
- Se é maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos
- Se é maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos
- Se é maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos
- Se é maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos
- Se é maior do 90 %: 10 puntos

b) Equipo profesional da entidade destinado ao proxecto con formación no eido do xénero e igualdade de oportunidades: outorgaranse 2 puntos por cada profesional, ata un máximo de 10 puntos

c) Experiencia e traxectoria da entidade en prol da igualdade de oportunidades e na loita contra a violencia machista, ata un máximo de 10 puntos

- Ata 3 anos: 2 puntos
- De máis de 3 anos e ata os 6 anos: 4 puntos
- De máis de 6 anos e ata os 9 anos: 6 puntos
- Máis de 9 anos: 10 puntos

Os proxectos que non obteñan unha puntuación superior a 40 puntos quedarán excluídos da convocatoria.

### **Décima. Procedemento de concesión**

A concesión das subvencións será a través do procedemento de concorrencia competitiva.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.



Martes, 6 de marzo de 2018

Núm. 46

A xefa do Servizo poderá solicitar tanta información ou documentación adicional estime necesaria para unha mellor valoración das solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.

Tamén realizará un informe-proposta no que recollerá a valoración das solicitudes á luz dos criterios de concesión, explicando o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo.

Para o cálculo da contía da subvención empregárase un programa informático en vista da dispoñibilidade orzamentaria e de acordo cos criterios de valoración previstos na convocatoria. Achégase o informe sobre o algoritmo de cálculo da subvención.

O informe-proposta, fiscalizado polo Servizo de Intervención, estudarao e avaliarao unha comisión de valoración que, ademais, poderá solicitar cantos informes estime necesarios e emitirá unha proposta na que lle suxerirá motivadamente ao órgano competente a concesión ou desestimación das solicitudes tramitadas.

A comisión de valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidencia*: a deputada delegada do Servizo de Igualdade
- *Vogalías*: a persoa titular da xefatura do Servizo de Igualdade, unha persoa técnica funcionaria do mesmo servizo e unha persoa técnica funcionaria do Servizo de Intervención
- *Secretaría*: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Igualdade (con voz pero sen voto)

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme ao previsto no artigo 40 da LPACAP.

Unha vez transcorridos seis meses a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes sen que se lles notifique a resolución lexítima ás entidades interesadas, a solicitude de subvención considerarase desestimada por silencio administrativo.

### **Décimo primeira. Modificación da resolución**

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo), unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da subvención, que se poderá autorizar cando non se danen dereitos de terceiros nin se modifique a puntuación da fase de concesión.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e resolveraa a Xunta de Goberno, logo da proposta previa da comisión avaliadora, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:



Martes, 6 de marzo de 2018

Núm. 46

- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida, o importe da subvención e o orzamento subvencionado
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente, a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen e, en todo caso, con anterioridade ao momento en que finalice o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas. Este cambio deberá realizarse durante o ano 2018, tal e como se recolle no artigo 64.2 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo).

### **Décimo segunda. Obrigas das entidades subvencionadas**

As entidades beneficiarias destas subvencións teñen as seguintes obrigas:

a.—Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que fose concedida e executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención

b.—Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores

c.—Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos esixan as bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control

d.—Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control

e.—Facer constar, expresamente e de xeito visible, en calquera dos medios que se empreguen para a difusión do proxecto ou das actividades, que estas se realizan co financiamento da Deputación, incorporando para iso o logotipo institucional. As normas de imaxe institucional pódense consultar a través da seguinte ligazón: [comunicacion@depo.es](mailto:comunicacion@depo.es)

### **Décimo terceira. Xustificación**

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias terán como prazo para xustificalas ata o 28 de febreiro de 2019, inclusive.





Martes, 6 de marzo de 2018

Núm. 46

1.—De se produciren circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, programas ou actividades, estas poderán solicitar unha prórroga antes do remate do prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP)

O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste, sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros (artigo 70 do Regulamento da LXS)

2.—Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida

3.—Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, a Facenda galega, a Seguridade Social e a Deputación, situación esta última que determinará de oficio a propia institución provincial

4.—As entidades beneficiarias das subvencións provinciais deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, nas que queden identificados o beneficiario, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.), e só excepcionalmente poderán utilizar o pagamento en metálico cando non sexa posible unha forma alternativa. O incumprimento desta disposición implicará que o citado gasto se considere non subvencionable sempre que este supere o importe de 900,00 euros

Para percibir a subvención concedida as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

a.—Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando en cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unha

b.—Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de relevo que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal e como se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

c.—Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención, debidamente asinada, na que se indiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos

d.—Declaración responsable da persoa representante que acredite a divulgación do financiamento por parte do organismo provincial da actividade subvencionada, acompañada, no seu caso, de fotografías, carteos ou calquera outro medio probatorio da difusión

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:090TC40T3054CG6A



Martes, 6 de marzo de 2018

Núm. 46

**Décimo cuarta. Pagamento**

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da axuda
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados preferiblemente polas entidades beneficiarias antes da presentación da xustificación da subvención, pero en todo caso no prazo máximo dun mes desde a percepción da subvención.

**Décimo quinta. Incumprimento**

Logo de vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo terceira ou, se for o caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presente a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requirirá que o faga no prazo improrrogable de 15 días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

**Décimo sexta. Devolución e reintegro**

As axudas concedidas deberán ser devoltas ou reintegradas nos seguintes casos:

- 1.—Ao obtelas falseando as condicións requiridas
- 2.—Ao non as aplicar para os fins para os que foron concedidas
- 3.—Ao incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases

**Décimo sétima. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria**

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria as normas da LXS, así como as bases de execución dos orzamentos da Deputación para o ano 2018.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento poderase esixir responsabilidade administrativa, e quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>  
Código seguro de verificación:090TC40T3054CG6A



Martes, 6 de marzo de 2018

Núm. 46

**Décimo oitava. Xurisdición aplicable**

Contra estas bases poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, todo isto no prazo establecido no artigo 46 da citada lei.

Todo o anterior sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.

**Décimo novena. Dereito supletorio**

Para o non disposto nesta convocatoria contemplárase o establecido na Ordenanza xeral de subvencións (OXSDPEPO) e nas Bases de execución do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2018, na LXS e na demais lexislación de desenvolvemento.

Pontevedra, 23 de febreiro de 2017

A DEPUTADA DELEGADA

O SECRETARIO

Asdo. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez

Asdo. Carlos Cuadrado Romay

